



SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesións da Casa do Concello, o día 24 de xullo de 2019, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén figura no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de xuño de 2019.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de xuño de 2019.
3. Toma de coñecemento da representación do grupo político municipal do PSdeG-PSOE nos órganos colexiados, así como da composición das Comisións Informativas Permanentes e da designación dos seus Presidentes
4. Toma de coñecemento dos informes do 1º e 2º trimestre de 2019 de morosidade, ao abeiro do disposto na Lei 5/2010, de 5 de xullo, de Modificación da lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
6. Aprobación, se procede do Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 03/REC/2019.
7. Aprobación, se procede, do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2019, anexo de investimentos, operación de crédito que o financia e teito de gasto non financeiro, así como o cadro de persoal, relación de postos de traballo, convocatoria de procedementos de promoción interna e oferta de emprego público.
8. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
9. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
10. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
11. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 19 de xullo de 2019.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA XERAL,

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada